



GUÍA DIDÁCTICA: WONDERFUL WOMEN



1. DESCRIPCIÓN DO RECURSO.

Esta secuencia de contidos está deseñada para áreas de Lingua Estranxeira (Inglés) e para a materia de Educación Artística (Plástica). O recurso está dirixido ao 5º e 6º curso de Educación Primaria.

Trátase de dez unidades didácticas, cada unha delas dedicada a unha figura feminina de especial relevancia. Cada unha das mulleres seleccionadas está relacionada con algunha das conmemoracións que se traballan ao longo do curso escolar. A serie de dez unidades está pensada para ser empregada ao longo do curso, comezando en setembro e rematando en xuño. O alumnado terá a oportunidade de traballar a lingua inglesa e aprender sobre a vida de diferentes mulleres; traballar conmemoracións do calendario escolar e facer un proxecto artístico que se incorpora ao final de cada unidade como un complemento á materia de Arts nas seccións bilingües.

2. ESTRUCTURA DOS CONTIDOS.

Unidade	Figura feminina	Temas transversais e conmemoracións
1	Amelia Earhart	As viaxes como elemento cultural.
2	Mary Shelley	Samaiñ / Halloween.
3	Mary Anning	Mes da Ciencia.
4	Hellen Keller	Día das persoas con discapacidade
5	Malala	Día da Educación.
6	Rosalía de Castro	Día de Rosalía.
7	Emmeline Pankhurst	Día da Muller.
8	Rosalind Franklin	Día Mundial da Saúde.
9	Maruja Mallo	Día da arte galega.
10	Rachel Carson	Día do Medio Ambiente

O proxecto está dividido en dous bloques: Wonderful women (I) e Wonderful Women (II). O primeiro bloque contén as unidades 1 a 5; mentres que o segundo bloque contén as unidades 6 a 10. Ambos recursos teñen unha mesma estrutura e conservan algúns elementos similares. Así, a páxina de inicio (onde podemos atopar a descrición do proxecto, as ferramentas útiles, a documentación do recurso, etc.), pode visualizarse en calquera dos dous bloques. Ocorre o mesmo coa sección de “Créditos” que pode verse ao final do menú de unidades.

Todas as unidades presentan a mesma estrutura. Podemos velo na unidade 2 a modo de exemplo:

Páxina de inicio

- Breve descrición do proxecto.
- Apartado con ferramentas útiles (dicionarios, enciclopedias, tradutores...).
- Apartado que inclúe a documentación do proxecto (guía didáctica e manual de uso).
- Apartado para a avaliación do propio recurso cun formulario no que se pode proporcionar feedback sobre o mesmo ás autoras.

2. Mary Shelley

- **Lapela 1- Who is Mary Shelley?:** Información sobre a muller á que se lle dedica a unidade. Neste apartado o alumnado atopará datos biográficos en lingua inglesa en formato vídeo, texto e imaxes. Na mesma sección, poderanse atopar preguntas de comprensión lectora e actividades interactivas que permitirán ao alumno/a asimilar a información que se acaba de expór.
- **Lapela 2 - Halloween:** Información sobre o tema transversal a tratar tendo en conta o calendario escolar.
- **Lapela 3 - Vocabulary help:** nesta sección inclúese un vocabulario en formato interactivo para axudar a comprender os diferentes textos e actividades de cada unidade.
- **Lapela 4 - Art project:** Proxecto artístico. Para pór remate á unidade, o alumnado elaborará un proxecto que sintetizará os elementos traballados desde unha perspectiva artística enmarcada nos contidos da materia de Educación Artística (Plástica).
- **Lapela 5 - Assessment:** ao fin de cada unidade tanto o alumnado coma o profesorado atoparán unha lapela de avaliación na que, a través dunha rúbrica autocorrixible, poderán avaliar o nivel de adquisición de coñecementos.

Créditos

- Na lapela "Créditos" poden verse os créditos e a autoría do recurso así como a tipoloxía das licenzas empregadas.

3. OBXECTIVOS

En relación ao Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, os **obxectivos xerais** da etapa que se traballarán con este recurso serán: a, b, c, d, f, i, j, m.

No que atinxe aos **obxectivos concretos** podemos citar os que seguen:

En relación coa perspectiva de xénero

- Coñecer e valorar a relevancia que diferentes figuras femininas tiveron ao longo da historia en diferentes campos.
- Pór en valor a figura da muller coma un modelo a seguir en diferentes áreas e campos.

En relación coa lingua inglesa

- Comprender o sentido xeral e específico de textos escritos e orais breves e sinxelos expresados en lingua inglesa.
- Producir textos orais e escritos sinxelos e breves adaptados á idade.
- Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira.

En relación coas artes plásticas e visuais

- Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións.
- Participar do deseño, elaboración e difusión de pequenas creacións artísticas tanto individuais coma colaborativas co fin de desenvolver a creatividade.

En relación coas TICs

- Aprender a manexar de xeito autónomo o recurso dixital, navegando a través del con seguridade.
- Promover unha actitude crítica ante as mensaxes dos medios, animando ao alumnado a facer as súas propias buscas activas de información.

Outros

- Coñecer, respectar e participar das diferentes conmemoracións que se celebran nos centros de Educación Primaria ao longo do curso escolar.

4. CONTIDOS.

Da área de Lingua Estranxeira – Inglés

- Comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes de países onde se fala a lingua estranxeira.

Da área de Educación Artística – Plástica


- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.

5. COMPETENCIAS

Competencia en Comunicación Lingüística	O alumnado deberá interactuar co recurso de xeito oral e escrito.
Competencia Plurilingüe	Traballarase mobilizando coñecementos que permitan interpretar as mensaxes en lingua inglesa co fin de acadar a competencia comunicativa do alumnado.
Competencia matemática e en ciencia	Traballarase naquelas unidades de traballo dedicadas a mulleres que tiveron o seu campo de acción na ciencia.
Competencia Dixital	Desenvolverase ao longo de todo o recurso promovendo o uso seguro, saudable, crítico e responsable da tecnoloxía dixital.
Competencia persoal, social e de aprender a aprender	Fomentarase promovendo a capacidade de reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe coa autoavaliación.
Competencia cidadá	Traballaranse contidos relacionados coa adopción dos valores democráticos e dereitos humanos.
Competencia en consciencia e expresión culturais	En cada unidade traballarase esta competencia ao desenvolver proxecto artístico.

6. METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada basearase nos principios CLIL/AICLE, buscando desenvolver a competencia comunicativa do alumnado en inglés. O recurso pode adaptarse para ser desenvolvido na aula ordinaria de inglés ou nas aulas de plástica das seccións bilingües dos centros de E.P. A liña metodolóxica do recurso pode verse sintetizada no seguinte gráfico:



7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Adaptación aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado	O recurso é de fácil seguimento de maneira autónoma, pois todas as unidades de traballo teñen a mesma estrutura. Isto permite que cada alumno traballe nas unidades seguindo o seu propio ritmo de aprendizaxe.
Adaptación aos diferentes niveis da aula	As actividades que se propoñen presentan diferentes niveis de dificultade. Ademais, na páxina de inicio do recurso, inclúense enlaces a ferramentas de utilidade coma dicionarios e enlaces de interese.
Adaptación aos diferentes estilos de aprendizaxe	As unidades de traballo incluírán diferentes tipos de recursos, desde os textuais, audios, vídeos, presentacións, etc..

Adaptación aos diferentes intereses e motivacións	Cada unidade de traballo está centrada nunha temática diferente de xeito que os diferentes intereses e motivacións do alumnado teñen cabida na aula.
--	--

Este recurso está deseñado tendo en conta as pautas DUA (Deseño Universal para a Aprendizaxe) e por iso se teñen en conta os seus principios. Entre outros podemos citar os seguintes:

- Incorporación da barra de accesibilidade BatexeGo, que permite cambiar a tipoloxía e o tamaño da fonte e empregar un lector de texto a son.
- O recurso permite cambiar o tamaño da fonte.
- Utilízase a negriña para resaltar os elementos máis importantes.
- Empréganse símbolos para clarificar a tipoloxía das actividades.
- Empréganse equivalentes visuais para complementar a información textual.
- Empréganse subtítulos nos vídeos.
- Empréganse enlaces a recursos externos coma dicionarios.
- Combínanse actividades dixitais con actividades de aula, coma debates, actividades por parellas ou actividades para desenvolver no caderno.

8. AVALIACIÓN

- **Criterios de avaliación.**

En relación coa lingua estranxeira
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global e específico en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais sinxelos. - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados. - Organizar e redactar textos breves previamente preparados.
En relación coa Educación Artística – Plástica
<ul style="list-style-type: none"> - Producir obras propias básicas utilizando diferentes posibilidades expresivas e mostrando confianza nas capacidades propias.

- Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos.

En relación coas TIC

- Manexar o recurso con certa autonomía.
- Amosar unha actitude crítica ante as mensaxes dos medios.

Outros

- Valorar a relevancia que diferentes figuras femininas tiveron ao longo da historia en diferentes campos.
- Reflexionar criticamente sobre os estereotipos de xénero.
- Amosar interese por coñecer as diferentes conmemoracións que se celebran ao longo do curso.

• **Instrumentos de avaliación do alumnado:**

A avaliación do alumnado levarase a cabo desde dúas perspectivas.

- **Heteroavaliación** por parte do mestre facendo un seguimento individualizado do desenvolvemento de cada alumno na aula. Isto realizarase a través da observación directa, da análise daquelas tarefas que sexan especificamente para elaborar no caderno de aula, na análise dos proxectos artísticos e de rúbricas de avaliación. Como complemento, na sección de “Assessment” o mestre pode atopar unha rúbrica descargable que contén items para avaliar o desenvolvemento do alumnado en cada unha das diferentes unidades.

- **Autoavaliación** ao longo de todo o recurso. En primeiro lugar, no momento de realización de cada tarefa, xa que a maioría das actividades ofertadas son autocorrixibles. En segundo lugar, ao finalizar cada unidade de traballo o alumno atopará na pestana “Assessment”, un apartado específico para autoavaliarse empregando unha rúbrica que lle proporcionará unha puntuación sobre o nivel de adquisición de coñecementos.

- **Avaliación do propio recurso:** na páxina de inicio, na sección “Avaliación e suxerencias”, o profesorado que empregue o recurso atopará un cuestionario Google Forms que permite a retroalimentación e valoración do uso do recurso.

WONDERFUL WOMEN:

A project to get to know relevant women in world history through a school year, practicing English and having fun with arts!

Alba Lorenzo Miguéns e María Lorenzo Miguéns

Licenzas por formación curso 2023 – 2024

